

Acta da Comisión Permanente do día 15 de novembro de 2017

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 15/11/2017.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 15/11/2017.
- III. Solicitud de matrícula a tempo parcial aprobada nesta sesión.

Ábrese a sesión ás 13 horas, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 5 de outubro de 2017.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 5 de outubro de 2017.

2. Aprobación, se procede, de recoñecementos/validación/adaptación de materias.

Atendendo ao cadro de adaptacións da titulación de Enxeñaría de Minas ao Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, que figura na memoria de dito Grao, e segundo a cal as materias: “Procesos Enerxéticos” e “Transmisión de calor e fenómenos de transporte” se adaptan pola materia do Grao “Calor e Frío”.

E tendo en conta o acordo da Comisión Permanente celebrada o 8 de novembro de 2012, segundo o cal apróbase o recoñecemento entre as materias “Calor e frío” do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e enerxéticos e “Termodinámica e transmisión de calor” do Grao en Enxeñaría da Enerxía.

A Comisión acorda por asentimento recoñecer as materias da titulación de Enxeñaría de Minas: “Procesos enerxéticos” e “Transmisión de calor” pola materia do Grao en Enxeñaría da Enerxía: “Termodinámica e transmisión de calor”.

Atendendo ao contido da materia “Matemática I” do Grao en Tecnoloxías Mariñas, impartido na Universidade de A Coruña, esta Comisión acorda por asentimento desestimar a solicitude de recoñecemento presentada para a materia do Grao en Enxeñaría da Enerxía: “Matemáticas: Alxebra liñal”, xa que a correspondencia entre os respectivos programas so é dun 35%.

3. Aprobación, se procede, de títulos de Traballo Fin de Grao.

Ao non terse presentado ningunha solicitude pásase ao seguinte punto na orde do día.

4. Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc...

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a solicitude de matrícula a tempo parcial dun alumna do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e que se recolle no anexo IV.

5. Rogos e preguntas.

Intervén Miguel Muiño para facer unha consulta sobre un alumno que actualmente atópase matriculado na materia "Tecnoloxía Medioambiental" e que o pasado curso foi examinado por un tribunal no que non estaba o profesor responsable da materia. Dito alumno quería saber que ten que facer para ser examinado este curso por un tribunal diferente.

A Directora contesta que a Comisión Permanente non é o foro para resolver esta consulta e que en todo caso ese alumno está seguindo un procedemento, do cal xa está informado.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 5 minutos do día de hoxe, do que como secretaria dou fe en Vigo, quince de novembro de dous mil dezasete.

Vº e praxe
A Presidenta

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 15/11/2017

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 15/11/2017

Asistentes á Comisión Permanente do 15 de novembro de 2017
Presidenta da Comisión
Natalia Caparrini Marín
Secretaria da Comisión
Ángeles Saavedra González
Subdirector/a
María Araújo Fernández
Profesorado
Fernando García Bastante
Pablo Eguía Oller
Estudantes
Carmen Filgueira Sánchez
Andrés Iglesias Canabal
Mariola Juncal Rosales
Miguel Muíño Argüelles
PAS
M ^a Mayte Marcote Pereira

Excusan su asistencia: Elena Alonso Prieto, Higinio González Jorge, Teresa Rivas Brea e Nuria Antonio Fontán

ANEXO III

Solicitud de matrícula a tempo parcial aprobada nesta sesión



Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

A Comisión Permanente acordou aprobar a seguinte solicitude de matrícula a tempo parcial:

- Don XXXXX XXXXX XXXXX – Grao ERME – motivo: laboral